

COMUNICADO:

**GRAZAS Á PRESIÓN, DIÁLOGO NEGOCIACIÓN E DEBATE DA FETE-UGT A
CONSELLEIRA DE EDUCACIÓN CLAUDICA E MODIFICA PARCIALMENTE O
HORARIO DO BACHARELATO**

**UNHA HORA MÁIS PARA EDUCACIÓN FÍSICA E UNHA HORA MENOS PARA
CIENCIAS DO MUNDO CONTEMPORÁNEO**

A Conselleira de Educación, vén de comunicar aos membros do consello Escolar de Galicia que analizados os debates e votacións das distintas emendas ao borrador do horario do decreto de Bacharelato modifica o horario da materia Ciencias do Mundo Contemporáneo, deixándoa con dúas horas, e trasládala á materia de Educación Física, deixándoa, tamén, con dúas horas.

CONVOCATORIA DE ASEMBLEA XERAL

Pese a iso, FETE-UGT mantén a convocatoria de todo o profesorado de secundaria da **ASEMBLEA XERAL PARA O LUNS DÍA 12 ÁS 19h. NO CENTRO INTEGRADO DE FP MONTE DE CONXO EN SANTIAGO DE COMPOSTELA**, na que se informará das negociacións e de todo o proceso, así como a proposta de distintas accións para conseguir que a Consellería siga negociando algún cambio máis no horario das materias sobre todo no que afecta a Filosofía e Historia.

As reivindicacións da FETE-UGT comezan a dar os seus froitos, e demostra unha vez máis que co debate e a negociación pódense conseguir melloras.

Xa dicíamos que fomos o único sindicato que tratou de buscar consenso no Consello Escolar, e grazas ao noso apoio a emenda que tiña o cambio dunha hora da materia de Ciencias do Mundo Contemporáneo á de Educación Física (aínda que a CIG votou en contra e CCOO se abstivo) e posteriores presións da Federación de Ensino da UGT, fixo reflexionar seriamente á Conselleira.

FETE-UGT vai seguir presionando á Consellería para conseguir a súa reivindicación no horario de Bacharelato que sería unha hora máis para a materia de Filosofía a conta dunha hora menos na optativa.

Santiago, 8 de maio de 2008.

Mariano García González
Sº. XERAL FETE-UGT GALICIA

*Para máis información sobre este tema contactar con Mariano García, Telef.: 687993382